

Campionatos de España 2014
Sistema de actuación pra todos os encestes.
Normas de obrigado cumprimento.

Este ano o Comité Deportivo Nacional pon en funcionamento unha nova normativa para todos os campionatos.

Todas as pombas que se encesten para soltas que coincidan cun Campionato Nacional, participen ou non nel, estarán suxeitas a estas normas, podendo quedar descualificadas e impedir a súa liberación se incumpren algunha delas. As pombas participantes no Campionato Nacional irán mesturadas co resto.

Nas seguintes soltas é obrigatorio outorgarlle un número de cesta a cada pomba participante no

CAMPIONATO NACIONAL e no AUTONÓMICO:

- Tordesillas.
- Almazán.
- Alcázar de San Juan.
- Zaragoza.
- Almansa.
- Lloret de Mar.

CONTROLES:

Un delegado do Comité Deportivo Nacional, no punto de solta e con antelación á mesma, revisará documentación, cestas e pombas. Durante esta revisión comprobaranse os diferentes documentos que acompañan ó convoi, o correcto precintado das cestas e, mediante una extracción selectiva, a relación de todas as pombas que viaxan en cada cesta.

Todas as cestas do club deberán estar convenientemente numeradas. Esta numeración estamparase do xeito que o club considere oportuno (chapas de metal ou madeira, adhesivos, tinta, pintura), pero deberá ser indeleble e non desprenderse ou degradarse con facilidade unha vez colocada. Calquera cesta sen numerar ou aquelas nas que non sexa posible a súa lectura, serán descualificadas.

Unha vez procedamos o enceste, ningunha pomba poderá ser encestada sen que os responsables do Comité Deportivo do Club comprobem que o número de anel corresponde co chip. Lembra que é obrigatorio dispor no local de enceste dun listado onde consten as pombas e os seus códigos de chip correspondentes. Estes listados extráense dos reloxos mediante impresión.

MOI IMPORTANTE.

Durante o enceste debemos anotar de forma manual o número de cesta no que se meteu a cada unha das pombas (todas, tanto as do Campionato Nacional, como as do Campionato Autonómico), así como os códigos dos precintos correspondentes a cada cesta. Para esta tarefa facilitaremosvos os formularios oportunos, que debedes enviar xunto coa documentación da solta, facéndolle

unha copia que quedará no voso poder. A parte deberedes anotar, no programa Coloms, as pombas designadas para o Campionato Nacional, como se viña facendo.

Unha vez rematado o encesto, todas as cestas embarcadas deberán selarse cos precintos de seguridade para cestas de transporte (de cor amarelo) que a tal efecto dispón a RFCE. Recoméndase pedilos en caso de que non dispoñades deles.

- **No caso de cestas con porta frontal abatible, deberán colocarse 4 precintos. 2 nas esquinas superiores da porta grande e 1 en cada un dos portelos de acceso.**
- **No caso de cestas con porta frontal de corredeira, usaremos 1 precinto para inmovilizar cada sección móbil e 1 para cada portelo de acceso para as pombas.**

Cada precinto leva asignado un código numérico que deberá reflectirse, nun lugar habilitado ó efecto, no mesmo formulario onde anotaredes as pombas que viaxan en cada cesta.

En caso de que o delegado que fiscalice a solta detecte o incumprimento dalgunha destas normas, podería descualificar do concurso ó club infractor.